




# Montes Veciñais en Alán Común Valladares - Vigo



## GUÍA DAS ESCULTURAS

### ARTE E NATUREZA

Valladares-Vigo



## Montes Veriñais en Mán Común Valladares - Vigo

### GUIA DAS ESCULTURAS ÁRBORE DA LEMBRANZA



Árbore da Lembranza (Estrada do Zondal - Peimallo)

Mais ve que o meu corazón  
é unha rosa de cen follas  
i é cada folla unha pena  
que vive apegada noutra  
Quitás unha, quitás dúas :  
penas me quedan de sobra;  
hoxe dez, mañan corenta,  
desfolla que te desfolla...  
¡ O corazón me arrincarás  
desque as arrincarás todas!

*Rosalía de Castro.*

O 15 do outono do 2017 arderon os Montes de Valladares e bisbarra



# Montes Veriñais en Mán Común Valladares - Vigo

## ESCULTURA Nº 1

TÍTULO: Bois (*Symposium arte e Tecnoloxía 2008*)

MATERIAIS: Granito Rosa Porriño

DIMENSIÓN: 300 x 100 x 300



**AUTOR: Kemal Tufán**

Naceu en 1962 en Silivri (Estambul), cursou estudos de enxeñaría industrial e belas artes na universidade de Estambul. Entre os anos 1989 e 1991 traballa no teatro municipal de Estambul como coreógrafo e decorador, colaborando en diferentes obras de teatro, baile contemporáneo e baile tradicional turco.

Formou parte de numerosas exposicións, tanto colectivas como individuais a niveis internacionais, entre as que destacamos:

EXPOSICIÓNS COLECTIVAS en Estambul, Israel, New York, Polonia, Alemaña e Italia.

EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS E PROXECTOS en Estambul, Bélxica, Finlandia e Turquía.

SIMPOSIOS E ENCONTROS en Turquía, Israel, Finlandia, Rumanía, Holanda, Eslovaquia, República Checa, Dinamarca, Portugal, China, Argentina, Suíza, Corea e Brasil.

PREMIOS; 1996 3º premio no concurso de esculturas de xeo, Finlandia; 1996 3º posto no 5º simposio internacional de escultura en pedra, Israel; 2000 3º premio no 1º simposio internacional de escultura en madeira, Dinamarca; 2000 2º posto no 8º simposio internacional de escultura, Arxentina.



## Montes Veriñais en Mán Común Valladares - Vigo

### ESCULTURA Nº 2 TITULO: Pirámide do Tempo

MATERIAIS: Granito do Alba  
DIMENSIÓN: 194 x 106 x 233



### AUTOR: María Branea

Nada en Romanía, licenciouse na Facultade de Belas Artes de Bucarest (Departamento de Escultura) . É membro da Unión de Artistas Plásticos de Romanía, do Centro Soros para a Arte Contemporánea e da Fundación de Arte Dominus Z.

EXPOSICIÓNS: Rávena (Italia) , Bional de Budapest (Hungría) , Galería Gloucester e Galería Coram (Gran Bretaña) , Salóns e Bienais en Romanía dende 1979 a 1994, Checoslovaquia, Francia, Grecia e Estados Unidos de América.

SIMPOSIOS : 1980: Simposio Anual de Escultura Monumental (Romanía) ; 1994: Euro-Escultura (Gran Bretaña) ; 1994: Simposio Mundial de Arte, Rajasthan (India) ; 1995 : Escultura Monumental por Instinto (Bélxica) ; 1997: Simposio Internacional de Escultura, Fanano (Italia) ; 1997 : Simposio Internacional de Escultura, Budduso (Italia) ; 1997: Simposio Internacional de Escultura, Teulada (Italia) ; 1998: Simposio Internacional de Escultura en Mármore, Caldas (Portugal) ; 1999: Yu-Shu Paradise (China) .

OBRAS EN COLECCIÓN PRIVADAS: Francia, Romanía, Alemania, Portugal, Estados Unidos de América, Inglaterra, España, Países Baixos e Xapón.

PREMIOS: 1981: Friederik Stork; 1982: Friederik Stork; 1995: Arad Symposium.



## Montes Veriñais en Man Común Valladares - Vigo

### ESCULTURA Nº 3 TITULO: Croios de Mar

MATERIAIS: Granito silvestre  
DIMENSIÓN: 110 x 66 x 214



### AUTOR: Moshe Perelman

Nado en 1946 en Israel, Moshe Perelman cursou os estudos de arte durante catro anos na Universidade de Haifa. Membro da Asociación de Pintores e Escultores de Israel dende 1994, participou en moitas exposicións, maiormente en Israel.

- SIMPOSIOS INTERNACIONAIS : 1490: Fanano (Italia); 1991: Montbrison (Francia) , segundo premio; 1992: Maalot (Israel) ; 1992: Toulon (Francia) , primeiro premio; 1993: Montbrison (Francia) ; 1994: Cidade de Iwate, Prefectura de Iwate (Xapón); 1995: Maalot (Israel) ; 1996: Barichara (Colombia) ; 1997: Hualien (Taiwan); 1998: Guilin Yu-zi Paradise (China).

- EXPOSICIÓNS: 1988: Edificio da Arte de Haifa, Haifa (Israel); 1988: Exposición de Arte Individual, Concello de Haifa (Israel) ; 1993: Galería "Art Center", Mallot (Israel) ; 1993: Exposición Colectiva, Museo de Haifa (Israel) ; 1997 : Exposición Colectiva Internacional, Hualien (Taiwan) ; 1998: Exposición Colectiva, Pyramida (Centro de Arte Contemporánea), Haifa (Israel); 1999: Exposición Colectiva de Portas Abertas. Haifa (Israel); 1999: Exposición Colectiva polos artistas que gañaron o galardón de arte de Haifa, Concello de Haifa (Israel) .

Creador e presidente do Simposio de Escultura en Pedra de Mallot entre os anos 1992 e 1997.


Galardón de arte da cidade de Haifa en 1997 (Premio Pro Herman Struck) .



# Montes Veriñais en Mán Común Valladares - Vigo

## ESCULTURA Nº 4 TÍTULO: Ofrenda

MATERIAIS: Granito Rosa Porriño  
DIMENSIÓN: 115 x 70 x 360



### **AUTOR: María Assunta Karini**

*Nace en Piacenza (Italia) . Entre 1973 e 1980 realiza os estudos secundarios de Arte en Piacenza e Parma. Entre os anos 80 e 87 aprende a arte de esculpi-lo mármore na Escola Taller S . G .F. de Camara (Italia) , onde se perfecciona na Escultura Monumental.*

*En 1990 diplómase na Academia de Historia Colombiana de Bogotá. Dende 1979 empezou a exercer-la súa profesión e podemos atopar obras súas en Italia, os Estados Unidos de América, Francia, Israel e América do Sur. Na súa longa carreira participou en moitas exposicións, individuais e colectivas, así como tamén en simposios e encontros , dos que destacamos:*

*EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS en Italia, Francia, Colombia e Estados Unidos de América.*

*EXPOSICIÓNS COLECTIVAS en Italia, Estados Unidos de América, Corea, Francia e Israel.*

*SIMPOSIOS E ENCONTROS en Estados Unidos de América, Italia, Francia, Israel, España, Exipto, República Checa e Costa Rica.*

*PREMIOS: 1989, 1º premio no Concurso Internacional "Instalacións no Centro", California (E .O .A.); 1989, 2º premio no Simposio Internacional de Esculturas Monumentais de California; 1994, 3º premio no Simposio Internacional de Escultura de Maalot-Tarshiha (Israel) ; 1º premio no Simposio Internacional de Escultura de Tel Aviv (Israel) ; 1º premio no Simposio Internacional de Escultura de Quartu Sant'Elena (Italia) .*



## Montes Veriñais en Alán Común Valladares - Vigo

### ESCULTURA Nº 5 TITULO: Receptáculo Solar

MATERIAIS: Granito Rosa Porriño

DIMENSIÓN: 335 x 140 x 260



### AUTOR: Eduardo Lópe Coira

Nado en Madrid en 1950, licenciouse en Psicoloxía e estudiou nos seguintes centros : Escola de Cerámica de Madrid; Escola de Artes e Oficios de Madrid; Escola de Artes e Oficios "Maestro Mateo" de Santiago de Compostela; Taller Colectivo "Este-Oeste" Madrid; Taller Colectivo de "Sandro Bufa", Cagliari (Italia).

A súa obra artística podémola atopar en Italia, Latinoamérica e España.

#### EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS:

1984, Sala de Exposicións "Maestro Mateo", Santiago de Compostela; 1987, Esculturas ó Aire Libre "Auga e Pedra", Santa María de Figueras e Santiago de Compostela; 1988, Espacio Taller "Este-Oeste", Madrid; 1991, Esculturas no Espacio Natural de Aldealengua Pedraza (Segovia); 1994, Galería "Convivio" Cagliari, (Italia); 1997, Galería "Obsidiana", Lima, (Perú); 1997, "Centro Cultural de Espafict" AECL, Lima (Perú); 1998, "Com.it.es", Consulado de Italia, Madrid; 1999 Galería "S.A.N.Z..space", Madrid.

#### EXPOSICIÓNS COLECTIVAS:

1986, "LaTinjaja", Sala de Exposicións da Real Fabrica de cerámica, Madrid; 1988, "Casa del Reloj", Sala de Exposicións do Concello de Madrid-Legazpi; 1989, "Timón de Argón", Esculturas ó Aire Libre. Parque Arias Navarro (Madrid); 1993, "Convivio", Cagliari (Italia).



## Montes Veriñais en Mán Común Valladares - Vigo

### ESCULTURA Nº 6 TITULO: Porta Orgánica

MATERIAIS: Granitos Rosa Porriño e negro de Campo Lameiro

DIMENSIÓN: 260 x 50 x 340



### AUTOR: Joao Antero

Naceu en Ovar (Portugal) en 1949 En 1980 licenciouse na área de Escultura na Facultade de Belas Artes de Porto. Entre 1983 e 1985 foi bolseiro , para a posgraduación, da Fundación Calouste Gulbenkian na investigación da escultura en madeira e metal, obtendo tamén a equiparación a bolseiro do Ministerio de Educación no mesmo período de tempo.

Realizou diversas exposicións individuais de escultura e deseño e participou en cerca de 90 exposicións colectivas, tanto en Portugal como no estranxeiro. Tamén participou en varios simposios, bienais e encontros de artistas plásticos, a nivel nacional e internacional.

Foi premiado diversas veces, destacando os premios de Escultura Interior e Exterior na II e IV Bienais Internacionais de Escultura e Deseño de Caldas da Rainha (Portugal) ; o PRIMEIRO premio no "International Beeldhouwe Symposium" (Países Baixos); tamén obtivo premios en concursos públicos no dominio da elaboración de proxectos para monumentos , medallística e trofeos culturais e deportivos.

Actualmente é profesor na Escola Superior de Tecnoloxía, Arte e Deseño de Caldas da Rainha e no Centro de Arte de S. Ioaó Da Madeira (Portugal) .



# Montes Veriñais en Alán Común Valladares - Vigo

## ESCULTURA Nº 7

TITULO: Metamorfose

MATERIAIS: Granito de Vilagarcía

DIMENSIÓN: 210 x 35 x 500



## AUTOR: Remigio Davila

Nado en Valladares - Vigo en 1951, comeza o estudio das Artes en 1964. En 1970 inicia o seu labor como profesional e investigador e, a partir de 1975 imparte clases de debuxo e pintura na Escola de Artes de Vigo como profesor titular e como profesor auxiliar de modelado e talla en pedra. Participou en numerosas exposicións, certames e bienais por toda España e Portugal.

### EXPOSICIÓNS ANOS 90:

1ª Mostra Unión Fenosa, A Conuña; Sala de Arte Caixanova; 1ª Mostra Porto do Vigo; Sala de Arte Caixanova; Vigo móllase; Casco vello, Vigo; 2º clasificado no concurso de ideas para Monumento ó Mar en Marín, Ría de Pontevedra; Sanguina no colectivo ASSI; II Simposium Internacional de Escultura o aire libre de O Grove, (Terceiro Premio); Sala Laxeiro. Colectivo Casco Vello; 40º Aniversario Alianza Francesa; Inauguración sala na Escola de Idiomas, Vigo; 1ª Xuntanza Museo de Piloño; "Galidáctica'94"; Museo Municipal Alleres, Lalín; Sala Concello de Cambados. Grupo Solaina; Execución monumento ó músico Andrés Gaos; Mención do honor no I Certame de Escultura Ciudad Real; Certame Villa de Parla, Madrid; I Simposium Internacional de Escultura á memoria dos Pobos Jarque, Teruel (Premio Danza); Premio Caja Madrid; "Artexpo'97". Feira da Arte de Barcelona; "Galicia Terra Única", A Conuña; I Simposium Intemacional de Escultura en Mármore de Fines-Macael, Almería (Primeiro Premio); II Simposium Internacional de Escultura, Cámara de Braga, Portugal; "Expoarte'98", Sevilla; VII Simposium Internacional de Escultura en Mármore Cámara de Caldas da Rainha, Portugal; Simposium Internacional en Pedra de Alça, Cantanhede, Coimbra, Portugal; Bienal Internacional de Arte, Vilanova de Cerveira, Portugal; Sala Concello de Porriño.



## Montes Veriñais en Man Común Valladares - Vigo

### ESCULTURA Nº 8 TITULO: Atravesando o Paso

MATERIAIS: Granitos gris de Couso  
DIMENSIÓN: 230 x 130 x 103



### AUTOR: Igor Brown

Naceu en 1955 en Lvov, antiga URSS, agora pertencente a Ucraína. Graduouse na Academia de Arte de Lvov e no Instituto de Arte Monumental de Charcov (Rusia). Especializado na escultura en pedra, vive e traballa en Tel Aviv (Israel) dende 1990.

EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS: 1981: Museo Federal de Arte, Lvov (Ucraína); 1983: Casa dos Artistas, Cracovia (Polonia); 1983 Casa dos Artistas, Lvov (Ucraína); 1984: Galería do Museo de Arte de Kiev (Ucraína); 1984: Casa da Arte, Sofía (Bulgaria); 1991: Galería "Efrat", Tel Aviv (Israel); 1995: Galería "Hakikar", Tel Aviv (Israel); 1996: Galería de Arte da Antiga Jaffa, Tel Aviv (Israel); 1997: Galería de Arte do Centro da Arte, Tel Aviv (Israel).

EXPOSICIÓNS COLECTIVAS: -1980-81-83-84-85-86: Exposición de escultores seleccionados da URSS, Moscova (Rusia); 1981 Exposición de escultores de Lvov (Ucraína); 1992: "Expo'92", Exposición de Israel, Sevilla (España); 1993: Exposición Internacional de Israel sobre a Biblia, Xerusalén (Israel); 1994: Exposición de inmigrantes rusos, Xerusalén (Israel); 1998: Exposición Internacional "Escultores do Mundo", Resistencia (Arxentina); 1998: Exposición Internacional, Museo de Joao Fragoso, Caldas da Rainha (Portugal).

SIMPOSIOS: -1981: Camenez-Podolsk (Ucraína), Areisca; 1983: 8º Simposio Internacional, Igván (Armenia); 1985: Zechov (Polonia) Areisca; 1990: Beit-Shemesh (Israel). Mármore; 1991: Raanana (Israel). Dolomita; 1992: Rishon Le Zion (Israel) Mármore; 1993: Nos-Ziona (Israel). Dolomita; 1994: 2º Simposio de Ashdod (Israel); 1995: Hazor-Haglilit (Israel) Basalto; 1997: 8 Simposio de Maalot (Israel) Mármore; 1997: 2º Simposio de Avsha (Turquía). Granito; 1998: Shoam (Israel) Mármore; 1998: 7º Simposio "Simppetra'98", Caldas da Rainha (Portugal), Mármore; 1998: 1º Certame Bienal Internacional, Resistencia (Arxentina). Travertino (premiado polo patrocinador); 1998: 4º Festival da Talla en Pedra, Barichara (Colombia) Areisca; 1999: XV Simposio Internacional, Fanano (Italia). Areisca; 1999: VIII Simposio Internacional, Budduso (Italia) Granito.



# Montes Veriñais en Mán Común Valladares - Vigo

## ESCULTURA Nº 9 TITULO: Natureza e Cultura

MATERIAIS: Granito Rosa Porriño

DIMENSIÓN: 120 x 51 x 265



### AUTOR: Javier Dobao

*Nado en Barcelona en 1973, Javier Dobao crece e pasa a súa adolescencia rodeado de esculturas, vendo traballar o seu pai dende un modesto estudio taller de Barcelona ata o seu estudio actual en Vigo.*

*En 1993 ingresa na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo que compaxina con estudos de psicoloxía e o traballo de aprendiz no estudio do seu mestre, o escultor Pedro Dobao.*

*Dende 1993 traballa e colabora coa realización de monumentos e esculturas de grande formato . En 1997 participou na exposición "Galicia Terra Única" cunha escultura que se emprazou na alameda de Pontevedra. Nos veráns de 1996 e 1997 fixo prácticas de fundición de bronce, latón e aluminio nunha empresa de fundición.*

*Actualmente traballa como profesor de ensino secundario impartindo a disciplina "Educación Plástica e Visual" nun colexio de Vigo.*



## Montes Veriñais en Alán Común Valladares - Vigo

### ESCULTURA Nº 10

TÍTULO: Silex ou Machado (*Simposium arte e Tecnoloxía 2008*)

MATERIAIS: Silvestre de Chandebrito

DIMENSIÓN: 200 x 45 x 75



**AUTOR: Antonella Tiozzo**

*Nada en Venecia (Italia) en 1968, no 1990 diplomouse con honores nos estudos de belas artes na universidade de Venecia. A partir de 1994 inicia o seu labor como mestra de figura modelada e ornamental no liceo artístico de Padua, para continuar como mestra de antigas técnicas escultóricas e de escritura en papiros no museo arqueolóxico de Venecia.*

*Detallamos a continuación algunha das súas exposicións e simposios.*

*EXPOSICIÓNS en Italia, Portugal, España, Irlanda, Suecia, Japón, México e Francia.*

*SIMPOSIOS en Italia, España e Turquía.*

*OBRAS PÚBLICAS en Italia e Francia.*

*PREMIOS; 1995 3º premio no simposio de escultura de "Maalot – Tarshiha" Israel;*

*2001 3º premio no simposio de escultura da escola de mármol fino, España; 2003 premio especial no bienal de escultura de Toyamura, Japón..*



# Montes Veriñais en Mán Común Valladares - Vigo

## ESCULTURA Nº 11

TÍTULO: Paisagem (*Symposium arte e Tecnoloxía 2008*)

MATERIAIS: Granito Rosa Porriño

DIMENSIÓN: 270 x 50 x 300



**AUTOR: Filomena Almeida**

Nada en San Xoan de Madeira (Portugal), licenciouse no ano 2000 en Artes plásticas na escola superior de tecnoloxías, xestión da arte e deseño de Caldas da Raiña. Dende o 2001 e mestra da escola profesional (centro de estudos da pedra) de Oporto. Conta no seu curriculum con diversas exposicións individuais por todo Portugal así como en simposios e exposicións colectivas internacionais (Francia, Italia e Emiratos Arabes Unidos).

Foi premiada diversas veces, destacando os premios de; 3º premio no simposio internacional de escultura en ferro, Abrantes; 1º premio na semana "Recicarte", Alcanena; 2º premio "Festival das Amoreiras", Lisboa.



## Montes Veriñais en Mán Común Valladares - Vigo

### ESCULTURA Nº 12

TITULO: Itinerario 1999

MATERIAIS: Granito Branco

DIMENSIÓN: 142 x 105 x 130



**AUTOR: Ana Olano Sans**

*Nada en 1969, Ana Olano licenciouse na facultade de Belas Artes, especialidade Escultura, na Universidade Complutense de Madrid e realizando tamén a Tese de Doutoramento na mesma Facultade Estudiou Pintura nunha academia privada durante catro anos e Cerámica na Escola de Cerámica da Moncloa de Madrid.*

*Colaborou en tarefas docentes no Instituto de Educación Superior de Pinto (Madrid) no ano 1995 e na Universidade Federal de Minas Gerais (Brasil) no ano 1996. Actualmente dirixe o Taller de Escultura da Casa da Cultura de Pozuelo de Alarcón e imparte cursos noutros Centros.*

*Na súa longa carreira participou en moitas exposicións, tanto individuais e colectivas, outorgándolle premios importantes, do que destacamos:*

*EXPOSICIÓNS COLECTIVAS en Madrid, Lugo, Ciudad Real, Guadalajara, Pontevedra, Andalucía e Mallorca (España); Fundacione Antonio Ratti en Como, Roma (Italia); París (Francia); Universidade de Minas Gerais (Brasil).*

*EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS en distintas entidades culturais de Madrid.*

*PREMIOS: 1º premio "Certame de Pintura de Montepíncipe", Madrid, premio Daniel Zuluaga de Cerámica, Madrid; 1º premio Nacional de Escultura "Novos Creadores", Madrid; 2º premio do VI Simposio Internacional de Escultura en Pedra de O Grove, Pontevedra; e 1º premio de Escultura no I Certame Nacional de Villaviciosa de Odón.*



## Montes Veriñais en Mán Común Valladares - Vigo

### GUIA DAS ESCULTURAS LUME NOS MONTES, NUNCA MAIS



O 15 de outubro do 2017 unha vaga de lumes queimou a maior parte dos montes de Valladares. O lume e a imaxinación do Escultor e Comuneiro Remigio Davila deron forma do acaecido nesas datas. ¡Lume nos Montes, nunca mais! (Monte dos pozos)

PATROCINA:

# CONCELLO DE VIGO



Montes Veciñais en Man Común  
Valladares - Vigo